

# Cuestión de vaidade profesional

Juana Vázquez Silva  
CEIP José Cornide. A Coruña



Dixéronme que esta revista comezaba unha nova andaina. Contáronme que o seu desexo era espallar traballo de calidade cociñados nas escolas. Dixéronme tamén que, ademais de didácticas e pedagoxías, pretendían abrir un foro para a reflexión e a opinión dos docentes aos que esta publicación ía dirixida. Pareceume natural.

Pero cando me convidaron a ser eu mesma quen abrise o dito foro...

Xa non me pareceu tan ben! E produciume unha inquedanza na que se mesturaba un pouquín de pudor e un moito de medo. Porque a min, como a moitos, resultame ben máis "natural" ler e valorar a opinión dun compaíñeiro, que ser eu quen se ispa en público vertendo a propia. Aínda así, prometín intentalo.

Daquela, souben que este número tiña como tema central a calidade no ensino e púxenme a matinar sobre a participación que nós, os mestres, temos nela. Precisei horas para chegar a unha descuberta tremenda: ¡¡estou chea de vaidade profesional!! Porque, o que eu en realidade penso, é que en todo canto incide nun ensino de calidade, hai sempre unha parte que nos incumbe. Si, iso creo realmente: ás veces como produtores, outras como filtros ou mediadores, pero sempre con participación activa.

Sei, que no complexo proceso que é a educación dun ser humano, a escola ocupa unha pequena parcela (¡menos mal!). Sei, que xa metidos nesa parcela, cada docente fai un pequeno traballo condicionado, ademais, por outros axentes. Pero, despois de todo, entre cada rapaz e o ensino que se lle ofrece, a aprendizaxe que se fomenta nel, o recurso que se lle achega e mesmo a lei que se lle aplica, estamos cada un de nós, interpretando e decidindo. ¡Non hai ningún máis importante para un ensino de calidade!... Vaidoso, non si? Pois aínda hai máis: nas duras horas de reflexión previas a este artigo, caín na conta de que non só padezo de vaidade, senón que, por riba, non quero

prescindir dela. Teño para min, que nós somos decisivos para un ensino de calidade que temos moita responsabilidade nel e, ademais, está ben que así sexa.

Porque está a Administración, xa se sabe: ese enorme saco informe no que metemos dende políticos que lexislan a técnicos, administrativos, formadores... e a todas as autoridades educativas. Del saen leis, orzamentos, persoal, axudas especializadas, formación continuada... e mesmo os pupitres e un escáner. E claro, todo, absolutamente todo, inflúe na calidade do ensino. E non somos nós quen decide, é certo. Polo menos, non en primeira instancia, o que ás veces resulta bárbaro por ter outro a quien botarlle a culpa, eu téñoo feito e... ¡hai que ver o alixeirado que queda un!

Claro que, alá no fondo, non creo que todas as leis sexan a mesma cousa, nin todos os papeis unha inutilidade, nin todas as teorías algo abstracto que non se axusta ao traballo diario nas aulas. Non, non o creo. Creo que teorizar, lexislar, administrar son tarefas importantes que se poden facer ben ou mal e nas que temos, como mínimo, dúas responsabilidades:

A primeira é ler, escoitar, analizar, interpretar e... aplicar. Cada teoría, lei, recurso humano ou material que chega a un rapaz, dende a Administración, faino sempre despois de tomar nós unha decisión, aínda que ás veces non sexamos conscientes de facelo. Nun primeiro momento estamos atados, dependemos doutros; ao final, é moita a liberdade que temos.

Pero hai máis, porque despois do coñecemento e da análise está a posibilidade, e mesmo a obriga de demandar, requirir e premer. E, nalgúnha marabillosa ocasión descobres que, coa autoridade que che outorga o rigor do teu traballo, con moito tesón e sen desánimo, consegues mover o Monstro e recibes ese recurso que pediches, ese cambio que demandaches e ata, mesmo respecto e loanzas. Ás veces... é posible, porque os monstros

non existen e a Administración non é más que un conxunto de persoas entre as que sempre hai algunha que pode entender e mover ficha.

E por que sempre temos que ser nós quen cargue co problema ou coa carencia e, á parte de os sufrir día a día, debamos loitar por solucionalos? Por que non se anticipan e poñen os medios por diante? Sospeito que ademais de inevitable, é mellor que así sexa porque, como usuaria e profesional, aspiro a unha Administración que perciba, escoite e responda, pero que non se exceda anticipándose: creo no dereito a un ensino público digno, non na escola nacional.

Opino dende a experiencia particular, vivida nunha unidade mixta de quinto e sexto de primaria, con dúas nenas cunha grave minusvalía, cinco nenos inmigrantes de diversos países e formación académica dispar, un neno xitano de Penamoa, e ata uns poucos máis, deses que chamamos “normais”. Todo, nunha escola na que todos acabamos de aterrarr, e aterrados estabamos; con aulas creadas, pero non oficiais e, polo tanto, sen orzamento; sen Pedagogía Terapéutica, porque por lei non nos correspondía; sen apoio a “minorías étnicas”, pois o número absoluto era insuficiente, aínda que os nenos xitanos supuñan máis do 10% do noso alumnado... e un longo etcétera.

Ante tanta penuria, e logo de chamar a portas que ao primeiro non se abriron, despois de nos encabuxar e de botarillo en cara a quien correspondía, fomos decidindo case sen darnos de conta, e non por altruísmo, senón máis ben por propio reconforto mental, que mentres que seguiamos premendo e agardando, iamos ir facendo escola. Vas ver ti como unha demanda persistente e razoada, xunto cuns proxectos que non sei como dabamos sacado adiante,

comezaron a recibir apoios... ¡tamén das autoridades educativas!

Non estamos ben, pero si moito mellor. Tivemos sorte, seino. Tamén sei que non foi unicamente iso.

Creo que nos momentos peores, convén agarrarse á idea de que sempre houbo quen procurou un ensino de calidade, mesmo cando os medios eran... ningún! Iso si, reunindo na súa persoa rigor, profesionalidade, esforzo e, a miúdo, unha certa dose de humanidade, elegancia e paixón. De todos modos, a valía de cada docente non exime a Administración de achegar medios, nin a nós de reclamalos.

Pero na calidade do ensino inciden máis axentes que as leis, recursos, teorías, dotacións e cada un de nós. Está a realidade de cada centro, a súa comunidade educativa, os equipos directivos, os departamentos, o persoal non docente, as familias...

Eu podo considerarme moi afortunada: coñecín compañeiros aos que lles debo case todo do pouco que eu sei e cos que aprendín a riqueza do traballo conxunto e o enorme peso deste na calidade do ensino.

Lograr que se compartan uns míнимos, a pesar das diferenzas persoais, ou grazas a elas, fai que as escolas funcionen mellor. Supono que hai unha parte que se debe asumir, que non sempre nin con todos nos imos entender, que debemos acoller os proxectos dos outros, achegar as ideas propias tentando sacalas adiante e, o que é máis difícil aínda, renunciar a algunha, por moi convencido que un estea; gardala e adiala, quizá, para un pouco máis adiante...

E, se ás veces as relacións entre colegas son complicadas, ¡que se pode dicir do papel das familias nos centros educativos! Claro que, se a maioría pensamos que son moi importantes para

o éxito do noso traballo, coido que debemos facelos partícipes del: acollelos, escoitalos, ter en conta o seu punto de vista, convidalos a coñecer o noso, a colaborar nalgúns tarefas concretas... porque nada diso mingua a nosa autoridade. Moi pola contra, a miúdo proporcionámoxos máis.

As portas pechadas non evitan esos “episodios desagradables” cos que nalgúnha ocasión temos que convivir e que se coan por calquera buratiño e poden privarnos dun apoio e dunha axuda moi valiosos que atoparemos en moitos deles, se somos quen de facernos comprender.

E, por último, fronte a nós temos aqueles que nos conceden máis importancia; os que de verdade nos fan responsables da calidade do ensino: os rapaces, que decote xulgan as materias, os coñecementos, os recursos... pola maneira en que nós llelos achegamos e llelos facemos ver; que nos outorgan un protagonismo desmesurado na súa aprendizaxe. Nós sabemos que se trabucan en moito, aínda que, ao mellor, cando o fan, aplican intuitivamente un principio pedagóxico importante: na calidade do ensino, máis que o qué, importa o cómo.

Sexa polo que sexa, a cuestión é que se un día, mentres un deses nenos, sen saber que no seu expediente consta unha adaptación curricular e que, por tanto, é case seguro que pase a engrosar a cifra de fracaso escolar, te mira mentres che axuda a colocar o seu traballo no taboleiro e di: “Mestra, ¡non hai escola coma a nosa!”, ese día pensas que, se cadra, estás facendo algo pola calidade do ensino; pensas que acaso, o teu traballo sexa algo valioso, e daquela vólveste vaidoso e decides non renunciar a selo.